



Santiago, 15 de marzo do 2019

## NOTA DE PRENSA

### As contadas con cans e as historias boca orella na zona vella, novidades do Festival Atlántica para o sábado

- Os viandantes da zona vella están convidados a escoitar contos na orella e a degustar “tapas atlánticas” nun vermú moi especial
- O festival sae ao parque para acoller cans e contos na compañía de Iñaki Carretero e de Vicente Martínez
- Pepepérez e mais a banda Municipal brindarán un pase musicado aberto ao público no Teatro Principal
- José Luis Gutiérrez ‘Guti’ e Pep Bruno protagonizarán a Gala de Clausura desta edición

O Festival Atlántica afronta a fin de semana cunha morea de actividades para grandes e pequechos durante todo o día. O sábado os contos van tomar as bibliotecas, museos, rúas, parques, centros cívicos e teatros de Santiago. Pero mentres isto acontece en Compostela, o festival tamén vai levar historias ata Ferrol, A Coruña, Ourense, Lalín, Teo e Brión.

No tocante a Santiago, cómpre saber que a partir das 12 horas está previsto que comece o **‘Vermú de contos’** pola zona vella. Artistas do festival tomarán as rúas dispostos a agasallar cun conto que, coma un segredo, vai pasar da boca do narrador á orella do transeúnte. Deste xeito, Atlántica dálles a benvinda nesta edición aos “susurradores”, unha técnica de narración oral de proximidade que recupera o espazo de intimidade dos contos cun obxectivo: emocionar o corazón máxico das historias que todos levamos dentro.

Será preciso logo aguzar os ouvidos e a sensibilidade para esta novidosa actividade que chegará acompañada das tapas atlánticas preparadas *ex profeso* para a ocasión nos locais Agarimo, Nave 5, Casa Pepe, Bar Muralla, Pepe Payá, Moha, La Flor, Damajuana e Abastos 2.0 e mais do cóctel especial do pub Século IX.

Tamén a partir das 12 horas, na Biblioteca Ánxel Casal vai estar Iñaki Carretero coas **'Historias que atopei nos libros'**, unha función para o público familiar onde o narrador vasco comparte co público os achados felices das súas horas de lectura.

Pola súa banda, ás 12 horas o Museo do Pobo Galego vai acoller unha das citas inclusivas por excelencia do Atlántica: os contos en galego e lingua de signos. A responsable desta actividade vai ser Fátima Villamel con **'Chove!'** e trátase dunha sesión para os máis miúdos acompañados das súas familias. Igual ca nun día de choiva, o público vaise asomar á xanela a ollar como caen as historias e a escoitar o seu ritmo, porque **'Chove!'** é unha sesión para mirar e para escoitar na que a oralidade e a lingua de signos van da man, coma os tronos e os lóstregos nas treboadas.

Xa pola tarde, ás 17 horas, o festival vai estrear outra novidade: as contadas con cans. O mellor amigo do home e mais os seus donos están convidados a se achegaren ao parque Eugenio Granell onde o narrador Iñaki Carretero e o adestrador canino Vicente Martínez van demostrar que **'En Compostela, os cans tamén contan'**. Por medio dunha charla-espectáculo van aprender, dun xeito divertido e educativo, os dereitos e deberes dos cans e tamén dos seus donos, de como poder mantelos felices por medio do deporte e os paseos. O formato da actividade será moi interactivo, mesturando a narración coa exhibición canina.

Un pouco máis tarde, ás 18 horas, os máis pequechos teñen unha cita cos **'Bebecontos'** de Laura Escuela no Centro Cívico de Santa Marta. Trátase dun espectáculo dirixido a nenos entre 1 e 3 anos que inclúe contos, poemas e cancións acompañadas de instrumentos musicais (ukelele, campás e instrumentos de pequena percusión), obxectos e libros. A actividade é gratuíta previa retirada de invitación no propio centro.

Á mesma hora pero no Teatro Principal van estar Pepegómez e a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela brindando un pase musicado do clásico **'A Bela Dormente'**. Algo despois, ás 21 horas, as portas do Teatro Principal volverán abrir para un dos espectáculos máis agardados en cada edición do Atlántica: a Gala de Clausura. As entradas, cun custo de 10 euros, pódense mercar na web de Abanca e na billetería do teatro.

Desta volta, van subir ao escenario Pep Bruno con **'Vello contos de novo'** e José Luis 'Guti' con **'Contos das mulleres do oeste'**. No tocante a Bruno, este espectáculo é a

celebración dos seus 25 anos como narrador e nel danse cita as historias de picaresca, tradición, humor e erotismo... O artista xunta con pericia contos procedentes da tradición pero tamén de coleccións clásicas como *O Decamerón*, *O asno de ouro*, as *fabliaux* ou as fábulas de Esopo e Samaniego.

Pola súa banda, neste espectáculo de 'Guti' o romance e o conto tradicional vanse zarrapicando da xeografía, a vida das cociñas, os traballos do campo, as historias de vida de cada informante, de cada vella que entra e sae do escenario da man deste zamorano. Funciona como un exercicio de agradecemento a quen lle regalou o testemuño dun mundo oral, e aspira a ser, para quen escoita, unha volta ao tempo feliz no que a palabra do vello era necesaria.

### **Narradores para todos**

**Iñaki Carretero** é contador de historias desde o ano 98 e percorre a xeografía cos seus contos, libros e cans. Ten unha enorme experiencia en descubrir historias e capta a atención do seu auditorio coma poucos. Curiosamente, é disléxico, cústalle ler e ás veces mestura as palabras ao falar, pero esa visión tan particular do mundo oral e escrito é o que lle gusta e o que lle funciona. É o que fai escoitar a quen lle custa escoitar, e ler a quen lle custa ler.

As historias da galega **Fátima Villamel** comezaron a rebulir durante a súa estancia en Lanzarote, onde desenvolveu unha intensa actividade artística, sobre todo no eido do clown. Xa de volta a Galicia, afondou na narración oral no Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo e tamén da man de diversos mestres. Os contos destinados ao público infantil son a súa especialidade.

**Vicente Martínez** é educador canino cunha experiencia de dez anos. Vicente explícalle ao público que non é o mesmo educador ca adestrador. A educación está dirixida a lograr que un can obedeza as ordes básicas do seu guía ou propietario, pero implica moito máis ca a mera obediencia: tamén ten que ver con saber como lle ensinar ao can a xestionar as súas emocións ante situacións diversas. Procúrase un equilibrio entre as necesidades de cans e humanos para asegurar o benestar duns e doutros. Cando falamos de educación canina, falamos de respecto, amor e comprensión mutua.

**Laura Escuela** (Tenerife) é mestra en Educación Infantil, licenciada en Psicopedagogía e conta, ademais, cun Mestrado en Promoción e Animación Lectoras. Traballa desde hai máis de dez anos arredor do mundo da literatura infantil, a música e a discapacidade. Dedícase á narración oral desde o 2008 e cómpre salientar que nos últimos anos ten levado a cabo proxectos pioneiros de sesións de bebecontos en bibliotecas de Canarias.

**Pepepérez** comezou a súa andaina profesional no ano 1987 e é quen de contar con calquera en calquera sitio de España ou do estranxeiro. Alén diso, tamén imparte cursos de narración e de animación á lectura en centros de profesores, en universidades, festivais de narración e escolas de verán. No 2012 creou o selo editorial

Pepepérez, no que publicou o seu libro de contos 'Un corazón que no cojea' e os poemarios 'La noche multiplicada' e 'Vuelo con raíces' de María Ruiz Faro, 'Las cosas quebradas' de Carmen Herrera Castro e 'Que tengan ustedes un buen día', tamén de autoría propia. É membro fundador do Gremio da Narración Oral en Andalucía.

A **Banda Municipal de Santiago de Compostela** é unha das máis antigas de Galicia, xa que naceu en 1848. Nun principio tiña carácter afeccionado, ata que en 1876 o Concello decidiu facerse cargo dela e comezou a se profesionalizar. Na actualidade conta con 37 compoñentes e desenvolve unha intensa actividade de concertos ao longo de todo o ano. O seu director é o pontevedrés **Casiano Mouriño Maquieira**.

**Pep Bruno** ([www.pepbruno.com](http://www.pepbruno.com)), barcelonés afincado en Guadalaxara, é licenciado en Filoloxía Hispánica, Teoría da Literatura Comparada e diplomado en Traballo Social. Comezou a contar contos en 1994 e desde aquela xa percorreu numerosos festivais de todo o mundo compartindo historias para nenos e adultos. Compaxina a súa actividade como narrador coa súa faceta de blogueiro e coa impartición de cursos, conferencias e obradoiros literarios e de creación. Tamén organiza actividades de animación á lectura, escribe artigos de reflexión en revistas especializadas e colabora decote cos medios de comunicación. No ano 2010, coa obra 'La familia C', ganou o III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado outorgado pola Editorial Kalandraka en colaboración co Concello de Santiago. Os seus libros están traducidos a máis de dez linguas.

**José Luis Gutiérrez 'Guti'** é gaiteiro, cantador, bailador e, sobre todo, contador de historias. Todos os contos e romances que usa recolleunos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte de anciáns do mundo rural cos que compartiu moitos bos intres. Procura conservar o carácter dialectal de cada narración e mais a atmosfera que envolvía o narrador tradicional, carente de artificios nun mundo sen tele nin radio. 'Guti' traballa principalmente na contorna rural procurando dalgún xeito restablecer a cadea de comunicación-transmisión da cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite desde o televisor. Polo seu espectáculo *A pelo* recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

**Máis fotos en:** [www.flickr.com/photos/festivalatlantica](http://www.flickr.com/photos/festivalatlantica)

Os medios están autorizados a descargarlas e a usalas con fins informativos.

### **Sobre o Festival Atlántica**

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo é indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron espallando polos camiños do mar. Toda a información relacionada co programa e cos artistas pódese consultar na web <http://festivalatlantica.gal>.

## AXENDA FESTIVAL ATLÁNTICA 2019 | SANTIAGO DE COMPOSTELA

(\*= espectáculo de pagamento)

### SÁBADO 16 DE MARZO

"Historias que atopei nos libros". Iñaki Carretero (Euskadi)

12.00 h | Biblioteca Ánxel Casal | En castelán

Público familiar | Entrada libre e gratuíta

"Chove". Fátima Villamel (Galicia)

12.00 h | Museo do Pobo | Espectáculo en galego e lingua de signos

Público familiar | Entrada libre e gratuíta

"Vermú de contos". Narradores do Festival polas rúas da Zona Vella

12.00 h | Praza Cervantes e rúas da contorna | En castelán, galego e portugués

Público familiar | Entrada libre e gratuíta

"En Compostela, os cans tamén contan". Iñaki Carretero e Vicente Martínez (Euskadi)

17.00 h | Parque Eugenio Granell | En castelán

Público familiar, cos cans | Entrada libre e gratuíta

"Bebecontos". Laura Escuela (Tenerife)

18.00 h | Centro Cívico de Santa Marta | En castelán

Para bebés de 1 a 3 anos | Entrada con invitación gratuíta a retirar a partir do 6 de marzo no propio centro

"A Bela Dormente". Pepepérez (Sevilla) e a Banda Municipal de Música de SCQ (Galicia)

18.00 h | Teatro Principal | En castelán

Público familiar | Entrada libre e gratuíta

\*Gala de Clausura

"Vellos contos de novo". Pep Bruno (Guadalaxara)

"Contos das mulleres do Oeste". José Luis Guti (Zamora)

21.00 h | Teatro Principal | En castelán

Entradas: web ABANCA (10 euros + gastos) e billetería do Teatro Principal (10 euros)

### DOMINGO 17 DE MARZO

"En Compostela, os cans tamén contan". Iñaki Carretero e Vicente Martínez (Euskadi)

11.00 h | Parque Eugenio Granell | En castelán

Público familiar, cos cans.